



Anuncio do tribunal proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego de persoal laboral temporal, mediante concurso oposición das prazas de peón de brigada, operario de brigada e operario da brigada/conserxe, do grupo V (Resolución da Alcaldía número 273/2025, de 13 de marzo do 2025)

ANUNCIO

Na sesión celebrada o día 8 de abril de 2025, o Tribunal do proceso selectivo destinado á formación dunha bolsa de emprego de peón de brigada, operario brigada e operario brigada/conserxe do Concello de Muros adopta os seguintes acordos:

(...)

Reclamación presentada polo aspirante D. Emilio José García Blanco:

O aspirante presenta reclamación solicitando a impugnación do primeiro exercicio, alegando o incumprimento do punto 6.1 das bases, no que se indica que: “Na realización e corrección dos exercicios escritos garantirase o anonimato, podendo utilizar o tribunal os medios que considere oportunos.”

Con todo, o Tribunal non acepta esta reclamación, ao considerar que non concorre vulneración ningunha do citado punto das bases. O exercicio obxecto da reclamación consistiu nun test, proba que se corrixe de forma automática mediante a aplicación dunha plantilla de respostas, sen intervención de criterios subxectivos por parte do tribunal.

A corrección deste tipo de exames non permite marxe de decisión ou valoración persoal, polo que o feito de coñecer ou non a identidade das persoas participantes resulta totalmente irrelevante. En consecuencia, non se aprecia infracción do principio de anonimato, ao estar a actuación do tribunal estritamente vinculada ao resultado obxectivo da plantilla de corrección.

Reclamacións presentadas por D. Emilio José García Blanco, D. Ramón Pascual Lago Pais, D. José Ramón Riomao Martínez e D. José Antonio Louro Piñeiro:

Estes aspirantes reclaman as seguintes preguntas:

Pregunta 3: Cal destes edificios está situado na Praza de San Pedro?

- a) Auditorio.
- b) Edificio do mercado.
- c) Sala Nasmo.
- d) Centro Sociocomunitario.

O tribunal desestima esta reclamación ao considerar que o auditorio, aínda que forma parte do Centro Cultural e Xuvenil de Muros, conta cun acceso principal independente situado na praza de San Pedro. Este acceso é o único habilitado para o público nas actividades propias do auditorio, e non se corresponde co acceso ao centro sociocomunitario, que se atopa noutra localización dentro do mesmo complexo. Por tanto, enténdese que a identificación do acceso ao auditorio como pertencente á praza de San Pedro é correcta, e non dá lugar a erro suficiente como para xustificar a estimación da reclamación.

Pregunta 4: O abandono do posto de traballo inxustificado considérase?

- a) Falta moi grave.
- b) Falta grave.



c) Falta leve.

d) Ningunha é correcta.

Reclaman o seguinte: As Faltas Disciplinarias están recollidas no Art. 95 do Título VII correspondente ó Réxime Disciplinario do Real decreto lexislativo 5/201, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público (páxina 47). Dentro do Tema 2 non se inclúe o apartado correspondente ás faltas disciplinarias polo que se considera que esta pregunta non está incluída no temario indicado nas bases desta convocatoria. "Tema 2: O persoal ao servizo das Administracións Públicas. Clases de persoal. Adquisición e perda da relación de servizo. Dereitos individuais. Deberes e código de conducta. Xornada de traballo, permisos, licenzas e vacacións."

O tribunal sinala que con base no disposto nos artigos 95, 96 e 63 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), considérase xustificada a relación entre as faltas disciplinarias, as sancións e a perda da relación de servizo nos seguintes termos:

O artigo 95 clasifica as faltas disciplinarias en leves, graves e moi graves, sendo estas últimas as de maior relevancia e consecuencias.

O artigo 96 establece que ás faltas moi graves pode corresponderlle, entre outras, a sanción de separación do servizo, que implica a perda definitiva da condición de empregado público.

O artigo 63 sinala que unha das causas de extinción da relación de servizo é a sanción disciplinaria firme de separación, que si aparece contemplado no temario: Adquisición e perda da relación de servizo.

En consecuencia, existe unha conexión normativa directa entre a comisión dunha falta moi grave, a súa correspondente sanción e a perda da relación de servizo, cando esta sanción adquira firmeza, polo que o tribunal resolve non aceptar esta reclamación.

Pregunta 14: Para que se usa o decapante?

a) Para fraguar mellor o morteiro.

b) Para soldar.

c) Para retirar ou eliminar pintura ou esmalte.

d) Para engraxar compoñentes de máquinas pesadas.

O tribunal acorda o seguinte: O decapante é, en efecto, un produto químico empregado para eliminar pintura, óxido ou outros recubrimentos das superficies, especialmente metálicas, e non se utiliza no proceso de soldadura, é dicir, non serve para unir dúas pezas por fusión. Polo tanto, non se aprecia causa que xustifique a anulación da pregunta, mantendo o tribunal a súa validez.

Reclamación presentada polo aspirante D. Víctor Manuel Baña Martínez:

Solicita este aspirante a revisión do seu exame e que se lle facilite unha copia, a cal se lle enviou por correo electrónico.

Reclamación presentada por D. José Ramón Riomao Martínez:

O aspirante presenta reclamación motivada en relación coa pregunta núm. 18 do 1º exercicio: 18- Que cantidade de aceite debe levar o combustible dunha desbrozadora? alegando que: "o tribunal considera como válida a resposta a), pero no enunciado da pregunta non se indica nin especifica ningunha marca ou modelo de desbrozadora, polo que non estaría ben plantexada. No mercado existen multitudes de marcas e modelos de esta maquinaria, e cada unha necesita unha proporción de aceite que pode variar segundo as especificacións técnicas de cada unha. A proporción de aceite e gasolina para unha desbrozadora depende



pois do modelo e tipo de motor, en xeral unha parte de aceite por cada 50 partes de gasolina, sendo esta equivalencia a un 2% polo tanto, a resposta que considera como válida o tribunal, non sería a correcta.”

Visto que as bases da convocatoria no seu apartado 6.1. establece que o tribunal incluírá varias pregunta reserva. As preguntas reserva deberán ser contestadas polas persoas aspirantes e utilizaranse para substituír aquelas preguntas do exame inicial que, de ser o caso, fosen anuladas polo tribunal, previo acordo motivado ao respecto. Neste suposto, a pregunta anulada do exame inicial terase por non formulada e será substituída pola primeira pregunta de reserva, e así sucesivamente no caso de que houbera máis dunha anulación

*Este Tribunal entende que procede estimar a reclamación e **acordar anular a pregunta número 18**, considerando expresamente que esta decisión non afecta ao principio de igualdade entre as persoas aspirantes, e **acorda realizar unha segunda corrección**, polo que en consecuencia, procede **fixar de maneira definitiva a lista de cualificacións do 1º exercicio**, que quedaría como segue:*

APELIDOS E NOME	DNI	1º EXERCICIO
Baña Martínez, Víctor Manuel	***0180**	Non apto
Caamaño López, Peregrino	***1615**	9,4
Caamaño Martínez, Josefina	***4789**	Non presentada
Caamaño Rama, Juan Luís	***9223**	5,2
Castro Tajés, Ángel Manuel	***9021**	6,4
Expósito Formoso, José Antonio	***9160**	9,5
Fernández Fernández, Vidal Ramón	***6732**	5,7
Fernández Noya, Daniel	***5774**	Non presentado
Fernández Tajés, José Miguel	***3423**	6,4
Formoso Trillo, Xabier	***0471**	5,5
García Blanco Emilio J.	***2164**	5,6
González Vigo, Enrique Manuel	***2723**	Non presentado
Lago Pais, Ramón Pascual	***9379**	7,7
Louro Piñeiro, José Antonio	***0345**	6,4
Miraz Fungueiriño, Alex	***4713**	Non presentado
Núñez Núñez, Santiago	***8717**	9,5
Núñez Sambade, Eduardo Manuel	***3957**	6,6
Riomaño Martínez, José Ramón	***8718**	7,2
Santos Lourido, Luís	***9514**	5,8
Senande Beiro, Amador	***6689**	5,9
Sestayo Caamaño, Pablo	***0544**	Non presentado
Vidal Pais, Pablo	***0354**	6,4

*Ademais, despois de acordar a anulación e posterior realización dunha segunda corrección dos exames tipo test, e constatado que o aspirante Formoso Trillo, Xabier, con DNI ***0471**, obtivo unha puntuación superior a 5 puntos no primeiro exercicio, o tribunal acorda convocalo telefonicamente para a realización do segundo exercicio, que terá lugar o vindeiro venres, 11 de abril, ás 12:00 horas, na antiga fábrica de Sel, situada na rúa Porteliña, número 2, en Muros.*

Muros, 8 de abril de 2025

A secretaria do tribunal



**Concello
de Muros**

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 81 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal